



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS
(Pontevedra)

Expte.: 7/10-C

En data 3.05.2010 a Sra. Alcaldesa-Presidenta ditou Resolución que na súa parte dispositiva é como segue:

“Primeiro.- Avocar a competencia que en materia de contratación teño delegada na Xunta de Goberno Local aos únicos efectos de adxudicar provisionalmente a obra “Construcción de redes de abastecimiento y saneamiento municipales”.

Segundo.- Adxudicar provisionalmente a obra “CONSTRUCCIÓN DE REDES DE ABASTECIMIENTO Y SANEAMIENTO MUNICIPALES” á empresa Construcción, Obras e Viais, S.A. (COVSA), co CIF n.º A-36008886, e domicilio na rúa Herminia Fariña Cobián s/n, baixo (CP 36003) Pontevedra, polo importe total de 89.438,59 € e coas seguintes condicións:

- Incrementa o prazo de garantía en 24 meses respecto do prazo fixado no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 36 meses.
- Prazo de execución: 6 meses.
- N.º de traballadores desempregados a contratar: 2
- N.º de traballadores desempregados de longa duración a contratar: 0
- N.º de postos de traballo mantidos: 4
- Incrementa a aportación ao control de calidade externo na porcentaxe do 2 %, pasando do 1% fixado no prego ao 3%.
- Melloras: dotación de toneladas de mezcla bituminosa en quente tipo D-12 para regularización dos viais, por importe de 16.159,88 € (IVE incluído)

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares, o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 17.03.2010 e a oferta presentada pola empresa.

Terceiro.- Notificar esta resolución ao adxudicatario, que deberá, no prazo de dez días hábiles contados desde o seguinte á publicación desta Resolución no perfil do contratante, cumprir cos seguintes trámites:

- Achegar a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, Seguridade Social, Xunta de Galicia e Concello de Cangas.
- Constituír garantía definitiva por importe do 5 % do prezo de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

Cuarto.- Dar publicidade a adxudicación provisional deste contrato coa súa inserción no Perfil do Contratante.

PERFIL DO CONTRATANTE

Quinto.- Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno Local na próxima sesión a efectos da súa ratificación."

O que se fai público aos efectos oportunos.